



## MEDIDAS DE ACTUACIÓN

### Cto. Xunta de Galicia Sub 20 Cto. Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 20 Control FGA

PONTEVEDRA  
19/06/2021 e 20/06/2021

Acreditación e zona de acceso á instalación (punto vermello no plano): realizarase polo "Acceso CGTD" mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas. **Estará aberto** no seguinte horario: **sábado de 15:45 a 20:30 e domingo de 9:00 a 13:30 horas**. Haberá control de temperatura, sendo imprescindible que a mesma non supere os 37,5°C.


Autorizarase o acceso, unicamente, as/os atletas participantes, persoal federativo (organización e xuíces) e adestradores/delegados de club autorizados. Se poderá requirir que se amose o DNI no control de acceso.

Lémbrese que, para competir, non é preciso acceder á bancada, polo que unha vez acreditada a persoa participante, e xa en disposición da pulseira, pode abandonar a instalación e acceder directamente por cámara de chamadas.

A cámara de chamadas habilitarase na contra recta, que terá acceso directo dende a rúa José Malvar. É imprescindible, para facer uso deste acceso, levar posta a pulseira facilitada pola organización.

O quecemento se realizará no exterior do CGTD.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso á mesma, intre no que deberá entregarse a declaración responsable sen a cal non se autorizará a participación.



**Non será posible circular, en ningún momento, en sentido contrario.**



## **NORMAS XERAIS**

**É obrigado por todos a utilización da máscara cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estean competindo, segundo o estipulado no Protocolo da FGA.**

**Lémbrese que, nas carreiras, as mascarillas coas que se entre a zona de competición serán destruídas e se entregará unha nova unha vez chegado o atleta a meta. No caso de abandono sen concluír a proba, o atleta en cuestión deberá achegarse á zona de meta para lle ser entregada unha mascarilla.**

**A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.**

**O incumprimento destas normas poñerase en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou sanción.**